

De orde do sr. Alcalde, achégolle a orde do día da sesión extraordinaria que celebrará o Excmo. Concello Pleno, no Pazo Municipal de Ferrol, o día 18 de xuño de 2018, ás 09,00 horas, en primeira convocatoria, xustificándose esta na necesidade de tratar os asuntos que figura na orde do día.

## **ORDE DO DÍA**

### **ÁREA DE ALCALDÍA**

#### **Facenda e Patrimonio**

1.-Proposta de cesión de uso do local 108 do C.C. Portanova á Asociación Ferrolterra de Amigos do Ferrocarril para o desenvolvemento de actividade museo e sede social.

2.-Proposta de modificación da cláusula 1ª do convenio subscrito entre o Concello de Ferrol e o Ateneo de xeito que a cesión de uso inclúa a totalidade das plantas do inmovible sito na rúa Magdalena 202.

3.-Proposta de aprobación de requerimento ao Concello de Narón en materia de saneamento.

4.-Dar conta da sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol no procedemento ordinario 105/2016 (recurso contra acordo plenario aprobatorio da suspensión da eficacia da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de depuración de augas residuais). Proposta de interposición de recurso de apelación.

### **MOCIÓNS**

5.-Moción do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego para reclamar a reapertura da delegación local, o mantemento dos informativos locais e o Diario Cultural da CRTVG.

6.-Moción do grupo municipal Socialista a favor da regularización de vivenda e dinamización sociocomunitaria no Barrio de Recimil.

7.-Moción do grupo municipal Popular para solicitar a posta en marcha dunha campaña informativa sobre a devolución da plusvalía nos supostos declarados inconstitucionais.

8.-Moción do grupo municipal Popular para o cumprimento da legalidade no eido contractual e garantir a economía e eficiencia na asignación dos recursos públicos.

9.-Moción do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego en relación a situación de corrupción e a sentenza do caso Gürtel.

10.- Rogos e preguntas.

Ferrol, 13 de xuño de 2018

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Leopoldo Moure García